



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de abril 2009

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE ABRIL 2009



1.- Resumo

Mes frío con chuvias preto das normais neste mes

O mes de abril estivo en xeral marcado pola presenza de aire frío en altura procedente do Atlántico norte, que ocasionou moita inestabilidade e temperaturas en xeral por debaixo das normais. Así, o mes comezou baixo a influencia anticiclónica, que salvo un pequeno empeoramento no día 3, mantívose ata a xornada do día 5 con tempo seco e soleado e temperaturas suaves. Na xornada do día 6 unha fronte fría atravesou toda a Comunidade, deixando nubes, chuvias e descenso de temperaturas. Detrás desa fronte entrou un embolsamento de aire frío que deixou moita inestabilidade ata o día 12, con tempo frío e chuvascos xeneralizados, puntualmente fortes e acompañados de sarabia. A cota de neve descendeu nas xornadas do 9, 10 e 11 por debaixo dos 1000 metros de altura. Na xornada do 12 a bolsa de aire frío comezou a moverse cara ó leste, pero o día 13 outra fronte atravesou Galicia, deixando novamente chuvias xeneralizadas e traendo unha nova bolsa de aire frío que entre o 14 e o 18 deixou chuvascos treboentos acompañados de sarabia. Na xornada do 17 rexistráronse alomenos dous tornados nas localidades de Sada e Santa María de Oia. O día 19 instalouse un anticiclón sobre Galicia que deixou 4 xornadas de tempo moi tranquilo, pero o día 24 unha nova fronte entrou en Galicia, deixando un importante descenso nas temperaturas, e chuvascos xeneralizados. Destaca neste episodio a fronte fría que atravesou Galicia na xornada do 27. Esta continua entrada de frentes e a permanencia sobre Galicia do aire frío posterior, deixa un mes frío en xeral, con cantidades de chuvia normal, aínda que en xeral o número de días de chuvia foi superior ó agardado neste mes.

Chuvia

As chuvias durante este mes estiveron marcadas principalmente pola característica convectiva debido á presenza de aire frío en altura, e non tanto por características frontais máis propias de Galicia. Isto fai que as precipitacións se produzan de xeito irregular, pero en xeral pódese dicir que as cantidades estiveron preto das que se poden considerar normais nun mes de Abril, aínda que as Rías Baixas rexistran algo menos de chuvia pola escaseza de frentes do sudoeste.

Temperatura

As temperaturas sitúanse en xeral por debaixo da normalidade neste mes, aínda que nalgúns casos conseguen chegar os valores normais. Estes valores son debidos á persistencia das bolsas de aire frío que chegaban despois do paso das frentes frías. Esta tendencia continúa a dos meses anteriores, coa excepción de marzo, que rachou a tendencia dos meses fríos anteriores.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual o maior a 1 mm

CIS FERROL

	ABRIL 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.9	12.5	15.2 (1997)	10.0 (1986)
Tª mínima media	8.2	9.5	11.3 (1984,1997)	7.0 (1986)
Tª mínima absoluta	3.2 (día 3)	3.0 (8/04/1986)		
Tª máxima media	16.0	15.6	19.1 (1997)	12.9 (1986)
Tª máxima absoluta	24 (día 22)	28 (22/04/1984)		
Precipitación acumulada	86	67-87	219 (1998)	5 (1982)
Días de chuvia	16	13		

Comentario:

Temperaturas máis baixas do normal para a temperatura media(mes frío) e a temperatura mínima(mes moi frío) con case un grao de diferenca. En canto a temperatura máxima lixeiramente superior ao valor agardado.

Tendo en conta a chuvia o mes pode considerarse normal se ben os días de chuvia son superiores aos agardados.



SANTIAGO

	ABRIL 2009	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.3	12.0	15.7 (1997)	8.3 (1986)
Tª mínima media	6.1	7.4	9.3 (1984)	4.0 (1986)
Tª mínima absoluta	1.3 (día 3)	-1.3 (13/04/1986)		
Tª máxima media	15.5	16.6	22.3	12.6 (1986)
Tª máxima absoluta	23.9 (día 22)	30.8 (11/04/1995)		
Precipitación acumulada	102	85-151	405 (1998)	33 (1997)
Días de chuvia	16	15		

Comentario:

En xeral mes frío (temperatura máxima) a moi frío en canto as temperaturas media e mínimas. A chuvia acumulada está dentro do rango normal, os días de chuvia son lixeiramente superiores aos agardados.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003), polo que a diferenza neste caso está algo sobreestimada

LUGO

	ABRIL 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.9	10.4	14.1 (1997)	8.0 (1986)
Tª mínima media	3.7	5.4	7.9 (1984)	3.3 (1974)
Tª mínima absoluta	-1.9 (día 1)	-3.0 (1 e 7/04/1975)		
Tª máxima media	15.2	15.3	21.3 (1997)	11.3 (1986)
Tª máxima absoluta	26.6 (día 23)	30.0 (28/04/1994)		
Precipitación acumulada	58	58-72	322 (1998)	8 (1982)
Días de chuvia	12	12		

Comentario:

Mes normal en canto a temperatura máxima, mentres que nas temperaturas media e mínima o mes pode considerarse frío con máis dun grao por debaixo do valor climático. A chuvia acumulada está dentro do rango normal así como os días de chuvia con respecto ao valor agardado.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	ABRIL 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.7	12.7	16.0 (1997)	10.0 (1986)
Tª mínima media	7.0	7.3	10.2 (1984)	4.6 (1986)
Tª mínima absoluta	3.2 (día 1)	-1.75 (6/04/1975)		
Tª máxima media	16.8	18.0	22.4 (1997)	15.0 (1978)
Tª máxima absoluta	22.9 (día 23)	30.4 (30/04/1997)		
Precipitación acumulada	94	98-132	430 (2000)	22 (1975)
Días de chuvia	16	12		

Comentario:

Mes frío en canto as temperaturas media e máxima e normal en canto a temperatura mínima. A chuvia acumulada foi lixeiramente inferior ao agardado mentres que os días de chuvia foron superiores a media climática.

OURENSE

	ABRIL 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.6	12.8	16.5 (1997)	9.4 (1986)
Tª mínima media	6.1	6.3	9.2 (1984)	3.2 (1973)
Tª mínima absoluta	2.1 (día 1)	-3.2 (6/04/1975)		
Tª máxima media	17.8	19.2	24.7 (1997)	15.0 (1986)
Tª máxima absoluta	28.5 (día 23)	32.8 (6/04/1994)		
Precipitación acumulada	55	41-65	188 (1998)	12 (1982)
Días de chuvia	9	10		


Comentario:

Mes frío en xeral no que respecta a todas as temperaturas, se ven destaca a temperatura máxima con máis de un grao de diferenza por debaixo do valor agardado. A chuvia acumulada está dentro do rango normal mentres que os días de chuvia son lixeiramente inferiores ao valor agardado.




3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa





3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx -- 04/2009

www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas



Tmín -- 04/2009

www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)

